

# PROGRAMACIÓN

## 6º PRIMARIA

# Índice

1.- Introducción e contextualización.	3
2.- Obxectivos Primaria.	4
3.- Liñas metodolóxicas. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave.	5
4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable	7
5.- Elementos Transversais	60
6.- Avaliación inicial.	61
7.- Atención á diversidade.	3
8.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	1
9.- Espazos, materiais e recursos.	2
10.- Actividades complementarias e extraescolares.	3
11.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	4
12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	5
13. Documentos para as sesións de avaliación.	1
14.- Adaptacións para os distintos escenarios. Docencia semi-presencial e a distancia. Avaliación semi-presencial e a distancia.	

## 1.- Introducción e contextualización.

O obxectivo principal desta programación é contribuír ao desenvolvemento persoal e social do noso alumnado para a súa integración na sociedade actual. Vai dirixida aos alumnos e alumnas de sexto de primaria do CPI de Cova Terreña. O alumnado de sexto nivel de primaria forma parte dos proxectos Abalar e E-Dixgal desde a súa creación. Ao longo deste curso, unha vez aprobado o Plan Dixital do Centro, seguiremos tamén as súas directrices.

O noso centro educativo está situado no ámbito urbano da vila mariñeira de Baiona ( Pontevedra). No presente curso están escolarizados 436 alumnos/as distribuídos nas tres etapas educativas que conviven no centro: Educ.Infantil, Educ. Primaria e ESO. Actualmente as aulas do sexto nivel de primaria acollen a 38 alumnos/as distribuídos da seguinte forma: 18 en 6ºA e 20 en 6ºB. É un alumnado heteroxéneo en canto as súas capacidades, intereses, motivacións e estilos de aprendizaxe. O nivel socioeconómico e cultural das súas familias é medio.

A actividade da poboación repártese entre o sector primario , sobre todo pesca, e o terciario, fundamentalmente servizos. O sector pesqueiro, cunha actividade primaria de relativa importancia, representa arredor do 13% da poboación activa. Dentro deste sector, a actividade marisqueira é importante.

Baiona é sobre todo unha vila de mercado carácter turístico, tendo unha elevada importancia o sector servizos. É unha vila costeira que reúne unha serie de características peculiares que fan dela unha zona moi interesante dende o punto de vista xeográfico, xa que se recoñecen nela dúas formacións xeomorfolóxicas principais que condicionan a paisaxe e o asentamento humano: A superficie forestal e as praias, contando no seu casco urbano con 6 areas das máis diversas características.

Unha data sinalada para a vila é a do 1 de marzo de 1493, cando aquí arribou a carabela La Pinta pilotada por Diego Sarmiento, sendo Baiona o primeiro pobo de Europa en ter coñecemento do descubrimento de América. Todos os anos se conmemora este acontecemento celebrando a festa da Arribada, na que participa alumnado do centro.

Toda esta información referida ao alumnado e á súa contorna terémola moi en conta á hora de planificar a nosa labor docente, á hora de elaborar unha programación que teña como finalidade a de desenvolver nas nosas aulas medidas inclusivas que garanten a igualdade de oportunidades e posibiliten que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

## 2.- Obxectivos Primaria.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **3.- Liñas metodolóxicas. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave.**

Consideramos a metodoloxía como un dos principais instrumentos para lograr que as aprendizaxes sexan mellores e queden como coñecementos que o alumno/a poida empregar no presente e no futuro.

Tendo en conta que a metodoloxía é tamén unha aprendizaxe en si mesma intentaremos ensinar, polo tanto, a traballar en equipo, a organizarse no estudo, a plantexar boas preguntas, a aplicar as estratexias axeitadas para cada contido, a deducir, a analizar, a plantexar alternativas, entre outros moitos aspectos. Sen dúbida, a mellor forma de aprendelo será facéndoo, aplicando metodoloxías que o fagan real.

A liña metodolóxica acordada no noso ciclo, para intentar que os alumnos/as aprendan significativamente, seguirá estes principios:

1.- Priorizar a comprensión dos contidos que se traballen fronte á súa aprendizaxe mecánica. Contidos que non sexan confusos nin arbitrarios, senon que se caractericen pola estruturación, claridade e relevancia.

2.- Propiciar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno/a poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Que esa nova aprendizaxe se poida relacionar con coñecementos previos do/a alumno/a que aprende, para que poida conectar o novo co xa coñecido e así producir unha reestruturación do coñecemento previo.

3.- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de forma que o/a alumno/a poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

4.-Contemplar o **erro** como un bo indicador dos procesos intelectuais cos que o alumnado afronta a realización dunha actividade. Valorarémolo como algo positivo xa que entendemos que aprendemos porque as nosas ideas, procedementos e actitudes poden evolucionar.

5.- Utilizar unha metodoloxía activa para integrar aos alumnos/as na dinámica xeral da aula e no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

6.- Deseñar actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxes de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

7.-Desempeñar o rol de orientadores, promotores e facilitadores do desenvolvemento competencial do alumnado.

Todos estos principios terán como finalidade que os/as nosos/as alumnos/as sexan, gradualmente, capaces de aprender de xeito autónomo.

Poñeremos especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo, tanto organizativos como curriculares, tan pronto como se detecten estas dificultades. Teranse en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, permitindo integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Programaremos actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples, traballo individual e en equipo, uso das TIC, e secuenciarémolas por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias, e facilitando a adquisición de competencias a todo o alumnado.

“O traballo por *proxectos* resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto” ( Currículo, 37541)

A partir da detección das súas ideas previas, o alumnado buscará e seleccionará información en diferentes fontes, tanto documentais como asistencia a charlas divulgativas, entrevistas e conversacións relacionadas co proxecto , coa finalidade de elaborar e construír o coñecemento necesario para a realización do produto final-

### **3.1.- Proxectos e tarefas .**

Ao longo do curso desenvolveremos proxectos globalizados e interdisciplinares nos que participarán alumnos e alumnas de quinto e sexto nivel coma por exemplo: A Semana da Ciencia, Rosalía, Mulleres, unha nova mirada, e Voan versos e bolboretas.

Outras das tarefas programadas para este curso, son: “ Somos escritores/as”, “ Cova Arte”, “ Debateremos”, Viaxando con Magallanes e “ Camiño de Santiago”.

Seguiremos participando nas propostas de actividades dos distintos equipos de dinamización do Centro: EDLG, Biblioteca, Convivencia, etc.

Na memoria final recolleremos tamén os que foron xurdindo ao longo do curso.

## **AVALIACIÓN**

### Do proceso

Irase avaliando o proceso de forma continua, analizando o desenvolvemento do proxecto

e incorporando os axustes e/ou melloras que sexan necesarias tanto nas propostas de actividades, como na temporalización ou nos escenarios de aprendizaxe.

#### Das aprendizaxes realizadas polo alumnado

A avaliación será continua ao longo do proceso. Nos equipos irán valorando o logro dos obxectivos e a realización das actividades incorporando as melloras que sexan precisas. Finalmente avaliarase o grao de consecución dos estándares implicados na tarefa incorporando a valoración dos mesmos á cualificación de cada alumno e de cada alumna na porcentaxe que teña establecida nos criterios de cualificación do nivel.

#### Do Proxecto

- Grao de motivación, implicación e participación do alumnado nas diferentes fases do proxecto.
- Repercusión na comunidade educativa e institucións do contorno.

No apartado 4 desta programación presentamos unha táboa coa concreción que recolle a relación dos estándares avaliados de cada materia coas competencias clave que contribúen a desenvolver.

#### **4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:**

- a) Temporalización
- b) Grao mínimo de consecución para superar a materia
- c) Procedementos e instrumentos de avaliación

Decidimos asignarlle a cada estándar a mesma ponderación, que aparece explicitada no 1º estándar de cada materia. Entendemos que certos estándares deberían ter máis peso que outros, pero decidir cales son é un traballo de equipo e de centro.

ESTÁNDARES AVALIABLES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.	CC	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDIMENTO (P) INSTRUMENTOS (I) AVALIACIÓN	PONDERACIÓN
			1ª	2ª	3ª		
§ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	§ CNB1.1.1. Busca e selecciona información concreta e relevante e comunica as conclusións.	CCL/CSIEE/CAA/CD/CMCCT	X	X	X	P: Observación directa e sistemática I: Escala de observación	2,27%
§ CNB1.1.2. Expresa oralmente	§ CNB1.1.2. Expresa	CCL/CMCCT	X	X	X	P: Análise de produción	

e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	oralmente e por escrito, contidos relacionados coa área.					I:Producción oral/escrita	
CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).	CNB1.1.3. Emprega o tratamento de textos	CCL/ CSIEE/ CMCT/CD	X	X	X	P:Análise de producións I:Presentación dixital	
§ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	§ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	CMCCT/ /CAA/CCL	X	X	X	P:Observación directa e sistemática I:Escala de observación	
§ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	§ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e ten iniciativa na toma de decisións.	CSIEE/ CAA/CMCCT	X	X	X	Lista de control.	
§ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	§ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA /CSC/ CMCCT/CSI EE	X	X	X	Observación directa e sistemática.	
§ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	§ CNB1.3.2. Coñece as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	CMCCT/CS C/ CD/CAA		X	X	Escala de observación.	
§ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	§ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, comunicando os resultados.	CMCCT /CCL/ CAA/CSIEE	X	X	X	Rúbrica investigación científica	
§ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	§ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	CCL/ CMCCT /CSC/CD/CA A/CSIEE	X	X	X	Producción oral/escrita. Rúbrica.	



§ CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	§ CNB2.1.1. Identifica os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCCT	X		Proba escrita.
§ CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	§ CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT /CCL	X		Proba escrita.
§ CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	§ CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables	CMCCT /CCL/ CSC	X		Proba oral.
§ CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.	§ CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas.	CMCCT /CCL/ CAA/ CSC	X		Exposición oral.
§ CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	§ CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	CMCCT/CAA /CSC	X		Diálogo na clase.
§ CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).	§ CNB2.3.4. Observa, identifica algúns avances da ciencia que melloran a saúde	CMCCT /CCL/ CSC		X	Posta en común.
§ CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.	§ CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios.	CMCCT /CSC		X	Xogos de simulación.
§ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	§ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos.	CCL/CMCCT	X		Proba oral e escrita.
§ CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos:Reino animal.Reino das plantas.Reino dos fungos. Outros reinos.	§ CNB3.2.1. Identifica as características os seres vivos:Reino animal.Reino das plantas.Reino dos fungos. Outros reinos.	CMCCT	X		Proba escrita e oral.
§ CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.	§ CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación de animais e plantas.	CMCCT/ CAA	X		Observación sistemática.
§ CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para	§ CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese	CMCCT	X		Proba oral.

a vida na Terra.	para a vida na Terra.	/CCL				
§ CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	§ CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos.	CMCT /CCL		X	Exposición na aula.	
§ CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.	§ CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas e os seres vivos que neles habitan.	CMCCT /CCL		X	Exposición na aula.	
§ CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.	§ CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos .	CMCCT /CSC		X	Investigacións.	
§ CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	§ CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	CMCCT		X	Observación directa.	
§ CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.	§ CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, comunicando os resultados.	CMCCT/CCL /CD / CAA		X	Observación directa.	
§ CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.	§ CNB4.1.1. Investiga para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.	CMCCT/ CAA/ CSIEE			X	Traballo de investigación.
§ CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.	§ CNB4.1.2. Investiga para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas.	CMCCT / CAA/ CSIEE			X	Producción científica.
§ CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.	§ CNB4.2.1. Identifica e algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía.	CMCCT/CCL			X	Probas orais e escritas.
CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos	§ CNB4.2.2. Identifica os beneficios e riscos	CMCCT			X	Probas orais e escritas.

relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.	relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables.	/CSC / CCL					
§ CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.	§ CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos comunicando o resultado.	CAA /CMCCT/ CSIEE/CCL			X	Exposición dun tema.	
§ CNB4.3.2. Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.	§ CNB4.3.2. Observa e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.	CMCCT/CCL			X	Lista de control.	
§ CNB4 4.1 Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.	§ CNB4 4.1 Identifica algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.	CMCCT			X	Postas en común.	
§ CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.	§ CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.	CMCCT			X	Produccións científicas.	
§ CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.	§ CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	CMCCT/CAA CSIEE/CCL/ CD			X	Caderno do alumno.	
§ CNB4.4.4. Identifica e expón as principios características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.	§ CNB4.4.4. Identifica as principios características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.	CMCCT/CAA			X	Exposición oral.	
§ CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.	§ CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.	CMCCT/CS C		X	X	Lista de control.	
§ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas	§ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas.	CMCCT /CAA		X		Probas orais e escritas.	

e a acción que realizan.							
§ CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.	§ CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.	CMCCT/CCL		X		Caderno de clase.	
§ CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.	§ CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos .	CMCCT /CSC		X		Observación directa.	
§ CNB5 2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)	§ CNB5 2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema.	CMCCT/CAA / CSIEE		X		Producción científica.	
§ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuío eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.	§ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuío eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.	CMCCT/CSI EECCL		X		Realización e exposición de traballos.	
§ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.	§ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns.	CMCCT			X	Proba escrita.	
§ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.	§ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.	CCL/ CMCCT/ CSC			X	Proba oral.	
§ CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	§ CNB5.4.2. Coñece algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	CMCCT/ CCL/ CSC/ CCEC			X	Preguntas individuais e de grupo.	
§ CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.	§ CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e o comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA/CMCCT /CCL/ CD	X	X	X	Observación directa e sistemática.	1,82%
§ CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar	§ CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para elaborar	CD /CAA/CCL/ CMCCT	X	X	X	Observación directa.	

traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	traballos .	/CSC					
§ CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	§ CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	CD /CAA/CCL/CMCCT /CSC	X	X	X	Lista de control.	
§ CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.	§ CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido .	CCL/CAA/CMCCT/CS C		X	X	Rúbrica investigación científica	
§ CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.	§ CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área.	CCL/CAA/CMCCT/CS C	X	X	X	Rúbrica.	
§ CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	§ CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal.	CAA/CD/CSI EECSC/CCL /CMCCT	X	X	X	Rúbrica.	
§ CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	§ CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CSC/CAA/CSIEE	X	X	X	Observación directa.	
§ CSB1.5.2.Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	§ CSB1.5.2.Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario.	CSC/CAA	X	X	X	Observación directa. Rexistro de incidencias.	
§ CSB1.6.1.Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	§ CSB1.6.1.Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante.	CSC/CAA		X	X	Observación.	
§ CSB1.7.1.Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros	§ CSB1.7.1.Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros	CSC/CAA	X	X	X	Observación directa.	

§ CSB1.7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.)	§ CSB1.7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos.	CSC/CAA	X	X	X	Observación.	
§ CSB1.8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.	§ CSB1.8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos.	CSC/CAA		X	X	Observación.	
§ CSB1.9.1. Avisa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.	§ CSB1.9.1. Avisa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade e interese.	CSIEE/CSC/CAA	X	X	X	Ficha de rexistro individual.	
§ CSB1.9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	§ CSB1.9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas.	CAA/CSIEE	X	X	X	Observación.	
§ CSB1.10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.	§ CSB1.10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo e valora as ideas alleas.	CSC/CAA/ CSIEE	X	X	X	Observación directa. Lista de control.	
§ CSB1.10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	§ CSB1.10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	CSC/CAA/ CSIEE	X	X	X	Observación directa. Lista de control.	
§ CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	§ CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	CMCCT/CAA	X			Proba oral.	
§ CSB2.2.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	§ CSB2.2.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	CMCCT/CCL	X			Proba escrita.	
§ CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.	§ CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	CMCCT/CCL / CSC	X			Proba oral.	

§ CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.	§ CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.	CMCCT/	X		Proba oral ou escrita.	
§ CSB2.4.2.Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.	§ CSB2.4.2.Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.	CMCCT/CAA	X		Proba oral ou escrita.	
§ CSB2.5.1.Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.	§ CSB2.5.1.Explica o uso sostible dos recursos naturais .	CSC/CMCC T/ CAA/CCL	X		Exposición na aula.	
§ CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.	§ CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático.	CSC/CMCC T/ CAA/CCL	X		Exposición na aula.	
§ CSB3.1.1.Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.	§ CSB3.1.1.Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos .	CSC/CAA		X	Exposición na aula.	
§ CSB3.1.2.Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.	§ CSB3.1.2.Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea.	CSC/CCEC/ CCL		X	Proba oral ou escrita.	
§ CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.	§ CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta.	CSC/CCL		X	Proba oral ou escrita.	
§ CSB3 2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	§ CSB3 2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	CMCCT/CS C/ CAA		X	Resolución de exercicios e problemas.	
§ CSB3.3.1.Describe as principais características da poboación española e europea.	§ CSB3.3.1.Describe as principais características da poboación española e europea.	CSC/CCL		X	Proba oral ou escrita.	

§ CSB3.3.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	§ CSB3.3.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	CSC/CCL/CAA	X		Exposición na aula.	
§ CSB3.3.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	§ CSB3.3.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	CSC/CCL	X		Producións orais.	
§ CSB3.3.4.Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.	§ CSB3.3.4.Describe a densidade de poboación de España.	CSC/CMCC T	X		Resolución de exercicios e problemas.	
§ CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.	§ CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.	CSC/CCEC/CCL	X		Exposición na aula.	
§ CSB3.4.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	§ CSB3.4.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	CSC/CCEC	X		Exposición na aula.	
§ CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	§ CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas.	CSC/CMTC	X		Proba oral ou escrita.	
§ CSB3.5.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes	§ CSB3.5.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa .	CSC/CCL	X		Proba oral ou escrita.	
§ CSB3 6.1.Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.	§ CSB3 6.1.Valora con espírito crítico a función da publicidade.	CSIEE/CAA/CSC	X	X	Traballo de Investigación.	
§ CSB3 7.1.Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles	§ CSB3 7.1.Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles	CSIEE/CAA/CMCCT/CS C	X	X	Resolución de exercicios e problemas.	
§ CSB3 7.2.Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.	§ CSB3 7.2.Planifica os seus aforros para gastos futuros.	CSIEE/CAA/CMCCT/CS C	X	X	Resolución de exercicios e problemas.	



§ CSB3.7.3. Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.	§ CSB3.7.3. Investiga sobre diferentes estratexias de compra,	CSIEE/CAA/CMCCT/CS C		X	X	Traballo de investigación.	
§ CSB3 8.1. Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.	§ CSB3 8.1. Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.	CSIEE/CAA/CSC	X	X	X	Traballo de investigación.	
§ CSB3.9.1. Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.	§ CSB3.9.1. Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico	CSC/CMCC T	X			Proba oral ou escrita.	
§ CSB3.9.2. Describe diversas formas de organización empresarial.	§ CSB3.9.2. Describe diversas formas de organización empresarial.	CCL/CSC	X			Exposición oral.	
§ CSB3.9.3. Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos.	§ CSB3.9.3. Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía.	CCL/CSC	X	X		Exposición oral.	
§ CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.	§ CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia.	CSC/CAA/CCEC/CCL/CMCCT			X	Probas orais e escritas.	
§ CSB4.2.1. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	§ CSB4.2.1. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado.	CSC/CMCC T/CAA/CCEC			X	Probas orais e escritas.	
§ CSB4.3.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.	§ CSB4.3.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.	CMCCT/CS C/ CCEC			X	Resolución de exercicios e problemas.	
§ CSB4.3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.	§ CSB4.3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España.	CMCCT/CS C/ CCEC			X	Proba oral ou escrita.	
§ CSB4.3.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de	§ CSB4.3.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de	CSC/CCEC/CAA			X	Proba oral ou escrita.	

España das distintas épocas históricas estudadas.	España das distintas épocas históricas estudadas.						
§ CSB4.3.4.Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos.	§ CSB4.3.4.Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España .	CCEC/CMC CT/CSC			X	Probas orais ou escritas.	
§ CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.	§ CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.	CSC/CCEC/ CAA			X	Traballo de investigación.	
§ CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.	§ CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual.	CSC/CCEC/ CAA			X	Traballo de investigación.	
§ CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	§ CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico.	CSC/CCEC/ CAA			X	Observación fóra da aula.	
§ CSB4.4.2.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.	§ CSB4.4.2.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar .	CSC/CCEC/ CAA			X	Observación fóra da aula.	
§ CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	§ CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC/CCEC/ CAA			X	Observación fóra da aula.	
§ CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	§ CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	CSC/CCEC/ CAA			X	Observación directa	
§ LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).	§ LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade	CCL/CAA/ SC	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.	0,97%

§ LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	§ LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección	CCL/CAA	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.
§ LCB1.1.3. escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.	§ LCB1.1.3. escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo.	CCL/CAA/CS	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.
§ LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.	§ LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas.	CCL/CAA/CS	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.
§ LCB1.2.1. Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais	§ LCB1.2.1. Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais	CCL	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.
§ LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	§ LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	CCL	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.
§ LCB1.3.2. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.	§ LCB1.3.2. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente.	CCL	X	X	X	Proba oral e rúbrica comunicación oral.
